

LII Festa do Salmón na Estrada

CONCELLO

A Estrada saborea o salmón do Ulla da man de Mondra, Kiko Rivera e París de Noia

Dende hoxe e ata o domingo a vila acolle un completo programa gastronómico e lúdico

O Concello da Estrada convértese esta fin de semana nunha das mecas culinarias de Galicia coa celebración da LII Festa do Salmón, a cita gastronómica por excelencia do municipio que cada terceira fin de semana de maio pon en valor a tradición pesqueira da vila e o potencial deste peixe do río Ulla.

Declarada festa de Interese Turístico de Galicia, a programación ofrece desde hoxe e ata o domingo un amplo abano de propostas de ocio, culturais, deportivas, pesqueiras e gastronómicas.

Os actos deseñados para a xornada de hoxe arrincan a partir das 18.30 horas coa inauguración da exposición de bonsáis na Sala Abanca. Pola noite, ás 22.30 horas, a programación colle un rumbo máis festivo coa celebración do Latexo Fest na Praza da Constitución. Un festival de sesións DJ que contará coa participación do popular artista Kiko Rivera.

Completan o cartel do evento Carlos López, DMiron, MRJ e Telmo.

Mañá sábado terá lugar o emblemático Raid Hípico do Salmón, que chega á súa edición número 15 e no que se porá a proba a resistencia dos cabalos, como é tradición nestes festexos. Será na praia fluvial de Liñares a partir das 09.00 horas.

Xa ás 12.00 horas, a festa trasládase á zona dos viños, onde darán comezo os cantos de taberna. A partir de aí, a música non deixará de soar na Estrada. Ás 19.30 horas o Teatro Principal vibrará coa celebración do Festival folclórico do Salmón, no que participarán Tequexeteldere e o grupo Coros y Danzas Villa de Leganés.

Ao caer a noite, a partir das 22.00 horas, chegará un dos pratos fortes da programación deste ano: o concerto do cantareiro e bailador Mondra na Praza da Constitución. O artista de Teo tocará temas dos seus discos *Arden* e *De Ronda*.



O alcalde Gonzalo Louzao, no centro, autoridades e veciños na presentación da Festa do Salmón, no Xirimbao.

Día grande

Os actos do domingo, día grande dos festexos, arrincarán ás 11.00 horas coa lectura do pregón polo Día das Letras Galegas a cargo de Neves Rodríguez, na alameda municipal. Deseguido, a Banda de Gaitas de Barbude ofrecerá un concerto que amosará o mellor da música tradicional galega. Chegadas as 12.30 horas, terá lugar a lectura do pregón da Festa do Salmón a cargo do exbaloncestista Fernando Romay, medalla de prata nos Xogos Olímpicos de 1984 e xogador do Real Madrid entre os anos 1976 e 1993.

Unha vez rematados estes actos, acollerase a partir das 12.30 horas a

A organización calcula que este domingo despachará entre 5.000 e 5.500 racións de salmón

feira de artesanía e, ás 13.00 horas, terá lugar o momento máis destacado coa degustación popular do salmón na carpa da Praza da Constitución. Dezaoito establecementos locais farán as delicias de veciños e visitantes coas súas orixinais propostas culina-

rias nas que o peixe do Ulla será o absoluto protagonista.

A organización da festa manexa unha previsión inicial de entre 5.000 e 5.500 racións, aínda que esta cifra podería axustarse en función do ritmo da venda anticipada e dos factores meteorolóxicos.

A programación do día grande da Festa do Salmón continuará co concerto da Big Band Carlos Barruso, ás 13.30 horas na Praza do Concello. O broche final correrá a cargo dunha das grandes orquestras do mundo da verbena galego: a París de Noia, que ofrecerá o seu espectáculo a partir das 20.00 horas na Praza da Farola. ■



pan Gallego

Empanada de salmón
Empanada de salmón e zamburiñas
de masa quebrada

FAI A TÚA RESERVA

DESPACHOS:

A ESTRADA
Avda. de Pontevedra, 9
T. 986 570 121
Calvo Sotelo, 46
T. 986 573 616

CUNTIS
Jesús Sánchez, 4
T. 986 548 728

CALDAS DE REI
- Travesía Sagasta, 26
T. 986 530 895

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Avda. de Vilagarcía, 31
T. 881 976 670
Rúa Restollal, 50
C. Comercial Hipercor
Agro do Medio s/n
Supercor - Ames, Milladoiro

OBRADOIRO: Avda. de Pontevedra, 101 • 36680 A Estrada • T. 986 570 394



VENTANAS VITA

industrias J. CERVINO

T. 986 591 265
www.industriascervino.com

Agencia de viajes



SIMPLY TRAVEL

Justo Martínez,
22 - bajo - A Estrada
T. 886 153 403
info@simplytravel.es



**GASÓLEOS A-B-C
A DOMICILIO**

A Estrada • T. 670 715 706
transunlondeza@gmail.com

UNIÓN DEZA



AC Aluminios CAMPOS S.L.

- CARPINTERÍA METÁLICA DE ALUMINIO
- ACERO INOXIDABLE
- REJAS DE SEGURIDAD
- INSTALACIONES COMERCIALES
- PLEGADORA Y CIZALLA
- PUERTAS, ESCAPARATES, PASAMANOS
- BALCONES Y COMPLEMENTOS INOX

Molino, 57 • T. 986 57 03 95 • A Estrada | jcdono@aluminioscampos.net



LII Festa do Salmón na Estrada

CONCELLO

A Festa do Salmón reúne 18 locais na Estrada nunha edición récord

A degustación popular do peixe terá lugar o domingo na carpa da Praza da Constitución

A degustación popular da Festa do Salmón, que se celebrará baixo unha gran carpa de 800 metros cadrados (40x20) situada na Praza da Constitución, achégase ao 17 de maio con todos os ingredientes necesarios para se converter nunha saborosa convocatoria de récord.

Esta será a edición que reúna máis establecementos de restauración nos máis de cincuenta anos de traxectoria da cita gastronómica por excelencia do Concello da Estrada, cun total de dezaioito participantes.

As xornadas de degustación das Tapas do Salmón, que permiten ir abrindo boca antes da chegada do gran día da festa, o domingo, activan tamén a venda anticipada co obxectivo de evitar aglomeracións e facilitar o acceso do público ás propostas gastronómicas. En total, poranse á venda 3.000 tickets, cun prezo que se mantén en 4 euros.

A degustación dará comezo ás 12.30 horas, coa previsión de repartir as 5.500 racións previstas ata fin de existencias. Neste sentido, a venda anticipada servirá tamén para valorar a resposta do público e determinar se é necesario incrementar o número de petiscos dispoñibles.

Gastronomía tradicional e innovadora

As propostas culinarias deseñadas para esta edición combinarán elaboracións de corte máis tradicional con creacións de cocinã innovadora, ademais de receitas inspiradas en diferentes estilos de gastronomía.

Así, o salmón converterase no protagonista dunha oferta variada na que convivirán sabores clásicos, propostas mariñeiras, referencias internacionais e elaboracións de inspiración italiana ou contemporánea.

Entre as receitas que se poderán degustar figuran o poke de

salmón de A Riala Taberna; a empanada de salmón con verduras de A Casa do Pan; a fideuá de salmón de Velis Nolis; o profiterol de salmón de Andalucía; o salpicón de salmón e lagostino do Gran Vía, ou as propostas de Mr Pizza, con pizza de salmón e gambas e panzarotti rosa de salmón, ricotta, parmigiano reggiano e grana padano.

Tamén participarán Os Peares, con salmón con garavanzos e cogomelos; Navegación, con taco de salmón curado en miso e ensalada thai; Cepa e Viño, co seu salmón verde cepa; O Candil de Silvia, cunha gilda de salmón; e Cervela, que ofrecerá brazo salgado e bocadillo brioche de salmón.

Poderáse probar o salmón en forma de empanada, pizza, fideuá, profiterol, salpicón, pizza e tartar

Con gambas ou en pan bao

A relación complétase con A Laca de Chucha e a súa proposta A Martinica; A Casa do Lagoiro, con salmón con gambas; Río Liñares, con pan bao de salmón, aguacate e chutney de mango; Inferno, con Salmón do inframundo; Malo Será, con salmón Conde de Ximonde e pastel de salmón; Samaná, con tartar de salmón marinado na casa, mango e aguacate sobre tosta de pan brioche, e Scala, con salpicón de salmón.

O exquisito peixe do río Ulla volverá converterse así no ingrediente principal de tapas, menús especiais e a gran degustación popular, que cada ano reúne milleiros de persoas no centro da Estrada. ■



O salmón con gambas da Casa do Lagoiro.



Profiterol de salmón do bar Andalucía.



O salmón verde cepa do Cepa e Viño.



A gilda de salmón do Candil de Silvia.

LII FESTA DO SALMÓN

A ESTRADA · 17 DE MAIO

